



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 1 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A LICITACIÓN DUN ACORDO MARCO MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE UNIFORMIDADE PARA A POLICÍA LOCAL E ROUPA DE TRABALLO E EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPIS) PARA OUTROS DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS

I. - ELEMENTOS DO ACORDO MARCO

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN, NECESIDADES A SATISFACER E RÉXIME XURÍDICO.

CLÁUSULA 2ª.- EXISTENCIA DE CRÉDITO E VALOR ESTIMADO DO ACORDO MARCO

CLÁUSULA 3ª.- TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

CLÁUSULA 4ª.- REVISIÓN DE PREZOS

CLÁUSULA 5ª.- DURACIÓN DO ACORDO MARCO

CLÁUSULA 6ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

CLÁUSULA 7ª.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA

CLÁUSULA 8ª.- GARANTÍAS

CLÁUSULA 9ª.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

CLÁUSULA 10ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE E PERFIL DO CONTRATANTE

II. - ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO

CLÁUSULA 11ª.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

CLÁUSULA 12ª.- PRAZO, LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

12.1.- PRAZO

12.2.- LUGAR

12.3.- FORMA DE PRESENTACIÓN

12.4.- DOCUMENTACIÓN:

12.4.1.- SOBRE A subtitulado "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA"

12.4.2.- SOBRE B subtitulado "OFERTA ECONÓMICA"

CLÁUSULA 13ª.- MESA DE CONTRATACIÓN

CLÁUSULA 14ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS

CLÁUSULA 15ª.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL, APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

CLÁUSULA 16ª.- CRITERIOS PARA RESOLVER EVENTUAIS EMPATES

CLÁUSULA 17ª.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

CLÁUSULA 18ª.- REQUISITO PREVIO Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

18.1.- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

18.2.- Documentación necesaria para a adxudicación do contrato

CLÁUSULA 19ª.- ADXUDICACIÓN, FORMALIZACIÓN DO ACORDO MARCO E CATÁLOGO DE BENS

CLÁUSULA 20ª.- RENUNCIA

III. - CONTRATOS DERIVADOS DO ACORDO MARCO

CLÁUSULA 21ª.- ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS DERIVADOS. PROCEDEMENTO E CONDICIÓNS

CLÁUSULA 22ª.- CONTRATOS DERIVADOS

CLÁUSULA 23ª.- PAGO DO PREZO

CLÁUSULA 24ª.- PRAZO DE EXECUCIÓN

IV. - EXECUCIÓN DO ACORDO MARCO

CLÁUSULA 25ª.- RISCO E VENTURA

CLÁUSULA 26ª.- MODIFICACIÓN DO ACORDO MARCO

CLÁUSULA 27ª.- SUCESIÓN NA PERSOA DO CONTRATISTA

CLÁUSULA 28ª.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

CLÁUSULA 29ª.- SUSPENSIÓN DO ACORDO MARCO

CLÁUSULA 30ª.- EXECUCIÓN DEFECTUOSA E DEMORA. PENALIDADES

CLÁUSULA 31ª.- RESOLUCIÓN DO ACORDO MARCO

CLÁUSULA 32ª.- GARANTÍA DAS SUBMINISTRACIÓNS

CLÁUSULA 33ª.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

CLÁUSULA 34ª.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

CLÁUSULA 35ª.- RESPONSABLE DO ACORDO MARCO

CLÁUSULA 36ª.- GASTOS ESIXIBLES

CLÁUSULA 37ª.- PRÁCTICA DAS NOTIFICACIÓNS

CLÁUSULA 38ª.- CONIDENCIALIDADE

CLÁUSULA 39ª.- XURISDICCIÓN COMPETENTE

V. - ANEXOS

ANEXO I.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

ANEXO II.- MODELOS DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

II.A- Proposición económica Lote 1

II.B- Proposición económica lote 2

ANEXO III.- MODELO DE AVAL

ANEXO IV.- PETICIÓN DE BENS OBXECTO DO ACORDO MARCO



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 2 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

I.- ELEMENTOS DO ACORDO MARCO (AM)

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN, NECESIDADES A SATISFACER, E RÉXIME XURÍDICO

1.1. OBXECTO DO AM

O obxecto da presente licitación é a celebración dun Acordo Marco (AM), cun único empresario, para a determinación das condicións xerais e específicas de subministro dos seguintes tipos de bienes e o establecemento do procedemento para a súa adquisición polas unidades e/ou departamentos municipais comprendidos no seu ámbito subxectivo, mediante a celebración de contratos baseados neste acordo:

- LOTE N.º 1: Uniformidade para a Policía Local.
- LOTE N.º 2: Vestiario/roupa de traballo/Equipos de protección individual (EPIS) para outros departamentos municipais (limpeza viaria, alumeadado público e vías públicas).

As especificacións técnicas relativas a cada un dos lotes recóllense no correspondente prego de prescricións técnicas (PPT).

O código da nomenclatura CPV (Vocabulario Común de Contratos da Comisión Europea) aplicable aos contratos é a seguinte: CPV 18100000-0 "Roupa de traballo, roupa de traballo especial e accesorios".

A adjudicación determinará os bens e o proveedor a través do cal os diferentes servizos municipais, incluídos no ámbito subxectivo do AM, adquirirán a roupa de traballo, según o procedemento establecido nos presentes pregos. O concello non se compromete a adquirir unha cantidade determinada de bens, por estar subordinada dita adquisición ás necesidades da Administración municipal durante a vixencia do acordo, sen que os contratista poida esixir peticións de cantidades determinadas ou de importes mínimos como condición do subministro.

1.2. ÁMBITO DE APLICACIÓN E NECESIDADES A SATISFACER

O AM rexirá na adquisición da roupa de traballo para a Policía local, roupa de traballo e equipos de protección individual (EPIS) de servizos municipais de limpeza viaria, alumeadado público e vías públicas, que contitúen o ámbito subxectivo do citado AM, tratando coa súa celebración de dotar aos traballadores municipais adscritos a estes servizos dos medios necesarios para o desempeño das súas funcións e competencias de acordó coa lexislación vixente en materia de prevención de riscos laborais e demais normativa de aplicación.

1.3. RÉXIME XURÍDICO

O acordo marco que se regula no presente prego ténc carácter administrativo, as partes quedan sometidas expresamente ao establecido nel e no prego de prescricións técnicas particulares, sen prexuízo das obrigas adicionais asumidas polo adxudicatario ó formular a súa proposición. Ambos pregos ténc carácter contractual polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade, polo adxudicatario no acto de formalización do acordo marco. No caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos restantes documentos contractuais, prevalecerá o PCAP no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

Para o non previsto nos pregos, o acordo marco rexiráse pola lexislación básica do Estado en materia de contratos públicos: Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (modificado por Lei 14/2003, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores) (TRLCSP); Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP; Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP); Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, reguladora das Facendas Locais; Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC); supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito Administrativo e no seu defecto as normas de dereito privado.

CLÁUSULA 2ª.- EXISTENCIA DE CRÉDITO E VALOR ESTIMADO DO ACORDO MARCO



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 3 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

2.1. ORZAMENTO MÁXIMO DO AM

Para os subministros dos bens obxecto deste acordo marco se establecen como base de licitación os importes máximos por área de actividade que se detaian na presente cláusula e que figuran no orzamento de gastos para o exercicio 2014 aprobado inicialmente polo Pleno da corporación municipal na sesión extraordinaria celebrada con data 18 de febreiro de 2014 elevado a definitivo por non terse formuladas reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública resultado da aprobación inicial e publicado no BOP núm. 40 de 27.02.2014, incluíndo todos os factores de valoración e gastos que para a correcta e total execución dos contratos baseados no AM deben terse en conta.

As ofertas económicas que superen o correspondente importe máximo quedarán automaticamente eliminadas.

Se indica igualmente o orzamento de cada lote (importe estimativo de compra para o periodo de vixencia do acordo marco), así como o valor estimado de cada lote tendo en conta a prórroga prevista neste prego.

As adquisicións dos bens derivadas da execución dos contratos baseados no presente acordo marco estarán amparadas polos créditos presupuestarios de cada área de gasto.

	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITO ORZAMENTADO (2014)	VALOR ESTIMADO ANUAL (sen IVE)	IVE ANUAL	VALOR ESTIMADO DO AM (incluídas as prórrogas) (sen IVE)	IVE DO AM (incluídas as prórrogas)
LOTE Nº1 Roupa de Policía Local	130.22104	3000	2370	630	9480	2520
LOTE Nº2 Roupa para outros servizos municipais (limpeza viaria, alumado público e vías públicas)	163.22104 165.22104 155.22104	11600	9164	2436	36656	9744
TOTAL		14600	11534	3066	46136	12264

No caso de que dentro da vixencia do contrato, as necesidades reais fosen superiores as estimadas inicialmente, deberá de tramitarse a correspondente modificación nos termos do artigo 106 do TRLCSP, e sempre antes de que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.

2.2. VALOR ESTIMADO DO AM

De acordo co disposto nos apartados 5 e 8 do artigo 88 do TRLCSP, o valor máximo estimado do AM para cada anualidade correspóndese cos importes sinalados no apartado anterior. As cifras indicadas establécense como valor estimado anual con carácter orientativo, por non estar definida a contía exacta e total das subministracións, xa que esta dependerá das adquisicións ou entregas efectivas que se produzan en función das necesidades do Concello durante a anualidade do contrato.

Esta cantidade obtívose en base aos prezos de mercado e ao consumo medio observado nos exercicios anteriores, indicándose unicamente a efectos de publicidade do procedemento e de información aos posibles licitadores, sen que elo supoña en ningún momento un compromiso de gasto por parte do Concello, e por conseguinte, non está obrigado a esgotar a totalidade da contía orzamentada nin adquirir un volume de subministración determinado, no senso sinalado na cláusula 1ª dos presentes pregos, xerando obriga de pago exclusivamente polas subministracións efectivamente realizadas.

Non obstante, ao tratarse o presente AM dun procedemento de selección de proveedor único e de determinación das condicións das posteriores subministracións, a existencia de crédito deberase constatar no momento de celebración de cada un dos contratos derivados do mesmo no senso sinalado na cláusula 21 do presente prego.

CLÁUSULA 3ª.- TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

O tipo máximo de licitación, mellorable á baixa, sobre o que os licitadores realizarán as súas ofertas será os importes de cada prezo unitario fixado para cada artigo no PPT. A tódolos efectos, no prezo unitario establecido tanto como tipo máximo de licitación como nos ofertados polo adxudicatario, entenderanse incluídos tódolos gastos directos e indirectos que a empresa deba realizar para o normal cumprimento do contrato de subministración, incluídos gastos de desprazamento e transporte para a súa entrega no lugar que o Concello indique, o IVE que poida corresponder, que en calquera caso figurará desglosado e como



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 4 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

partida independente, e demais tributos que lle sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes. Para o caso de que durante a vixencia do AM xurdan necesidades de subministracións de produtos non incluídos na listaxe de prezos inicial, aplicarase un prezo medio de mercado.

CLÁUSULA 4ª.- REVISIÓN DE PREZOS

De acordo co establecido no artigo 89.1 do TRLCSP, non procederá a revisión de prezos durante a vixencia deste acordo marco.

CLÁUSULA 5ª.- DURACIÓN DO ACORDO MARCO

O prazo de duración do acordo marco será de dous (02) anos prorrogables por dous (02) máis. A prórroga operará automaticamente salvo denuncia expresa por parte dalgún dos contratantes, que deberá realizar por escrito cunha antelación non inferior a 30 días naturais á data de vencemento do contrato.

Durante a vixencia do acordo marco o adxudicatario estarán obrigado a atender as peticións de suministro que reciban sobre os produtos obxecto do acordo marco que conformen o catálogo de bens que resulte do mesmo consonte o sinalado na cláusula 19 do presente prego sen que os prezos poidan sufrir variación algunha durante a vixencia do mesmo, incluídas as prórrogas, sen perxuízo das mellores condicións que o adxudicatario ofrezca mediante promocións ou ofertas temporais.

O acordo marco entendérase cumprido polo contratista cando, transcorrido o seu prazo de duración, incluídas de ser o caso as prórrogas, aquel houbera sido realizado, de acordo cos términos do mesmo e a satisfacción da Administración, da totalidade do seu obxecto

CLÁUSULA 6ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán concorrer a esta licitación por si ou por medio de representantes autorizados, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que ademais non se atopen incursas nunha prohibición de contratar (art. 60-TRLCSP), e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

CLÁUSULA 7ª.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA

7.1.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:

Deberá acreditarse por uno o varios de los medios siguientes, a elección del órgano de contratación:

a) Volumen anual de negocios, ou ben volumen anual de negocios no ámbito de actividade do AM, por importe igual ou superior ao orzamento máximo del AM por cada lote ao que se presente (IVE incluído). En caso de presentarse a varios lotes, sumaranse as contías. Para acreditar este extremo deberá achegar a seguinte documentación:

A) En caso de entidades con personalidade xurídica propia (sociedades mercantís):

- Contas anuais (conta de perdas e ganancias) dos 3 últimos anos presentadas, no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda, e/ou os modelos 200 (declaración-liquidación do Imposto de Sociedades) dos 3 últimos anos.

- B) En caso de titulares de actividades económicas no ámbito do importe sobre renda das persoas físicas (IRPF):

- B.I) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación directa normal ou simplificada:

- Libro rexistro de vendas e ingresos dos 3 últimos anos (debendo estar debidamente legalizados para aqueles que teñan dita obriga).

- Modelo 390 (declaración resume anual IVE) dos 3 últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do IRPF) dos 3 últimos anos.

- B.II) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación obxectiva:

- Libro rexistro de vendas e ingresos dos 3 últimos anos e/o modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do IRPF) dos últimos 3 anos.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 5 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

Declaración responsable asinada polo representante legal que acredite que o libro de rexistro de vendas e ingresos reflexa a imaxe fiel da actividade económica da empresa. En caso de non dispoñer do libro de rexistro de vendas e ingresos, a declaración debe acreditar que o rendemento neto da actividade reflexa a imaxe fiel da actividade económica da empresa.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do nel reflejado e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

7.2.- SOLVENCIA TÉCNICA:

Deberá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios, a elección do órgano de contratación:

- a) Relación dos principais suministros efectuados durante os cinco últimos anos, por importe igual ou superior á do orzamento total de cada lote ao que se presente (IVE incluído), en caso de presentarse a varios lotes, sumaranse as contías. Na relación deberá indicar o seu importe, datas e destinatario público ou privado de los mismos. Os suministros efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por éste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.
- b) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.
- c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.
- d) Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, no seu nome, por un organismo oficial competente do Estado no cal o empresario estea establecido, sempre que medie acordo de dito organismo, cando os produtos a suministrar sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. Este control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, si fora necesario, sobre os medios de estudo e investigación con que conta, así como sobre as medidas empregadas para controlar a calidade.
- e) Mostras, descripciones e fotografías dos produtos a suministrar, cuxa autenticidade poida certificarse a petición da entidade do sector público contratante.
- f) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detaiada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.

Para acreditar a solvencia esixida para a celebración deste contrato, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas sempre e cando xustifique que para a execución de mesmo, dispón dos referidos medios, debendo nestes casos achegar certificado emitido polo órgano de dirección da empresa que preste a citada solvencia, acreditativo de tal circunstancia. So poderá completarse mediante este mecanismo a solvencia técnica ou profesional.

En todo caso so se poderá prestar solvencia a un licitador (artigo 63-TRLCSF).

7.3. ESPECIALIDADES DE SOLVENCIA EN RELACIÓN COAS UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESARIOS:

Cada un dos empresarios que a compoñan deberán acreditar a súa capacidade de obrar e solvencia, conforme aos apartados anteriores. En todo caso, aos efectos de acreditar a solvencia económica e financeira, e técnica, permitirase a acumulación sempre que todas e cada unha das empresas que integran a unión temporal, acrediten ter executados contratos do mesmo tipo.

CLÁUSULA 8ª.- GARANTÍAS

De conformidade co previsto no artigo 103.1-TRLCSF, para optar a esta licitación non se esixe a constitución de garantía provisional.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, constitúa garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% valor máximo estimado do lote adxudicado, de acordo co artigo 151.2-TRLCSF. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 6 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

A citada garantía poderá constituirse en efectivo ou valores de débeda pública, mediante aval ou mediante contrato de seguro de caución, de acordó co disposto nos artigos 96-TRLCSF e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP.

A garantía definitiva responderá dos seguintes conceptos:

- Das penalidades impostas ao adxudicatario conforme ao artigo 212-TRLCSF.
- Da correcta execución das prestacións contempladas no acordo marco, dos gastos orixinados á Administración pola demora do adxudicatario no cumprimento das súas obrigas e dos danos e prexuízos ocasionados ao Concello con motivo da execución dos contratos derivados do acordo marco ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- Da incautación que poida decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co establecido no TRLCSF.

En caso de que sobre a garantía se fagan efectivas penalidades ou indemnizacións esixibles ao adxudicatario, este deberá reponer ou ampliar aquela na contía que corresponda no prazo de 15 días desde a execución, incorrendo en caso contrario en causa de resolución.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que non se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente os contratos derivados do acordo marco. Aprobada a liquidación do acordo marco e dos contratos derivados del e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou seguro de caución.

CLÁUSULA 9ª.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación que actúa en nome do Concello de Bueu é a Xunta de Goberno Local en virtude da delegación efectuada en favor da Xunta de Goberno local mediante resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11)

Este órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que xurdan na súa execución, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta con suxeición á normativa aplicable. Os acordos, previo informe xurídico que a este se emita, serán inmediatamente executivos sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

Nos procedementos que se instrúan para a adopción dos acordos relativos á interpretación, e resolución do contrato deberá darse audiencia ao contratista.

CLÁUSULA 10ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE E PERFIL DO CONTRATANTE

Os PCAP e PPT, xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello Bueu de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións.

A licitación publicarase no Perfil do Contratante. No Perfil do Contratante do órgano de contratación, publicarase os PCAP, PPT, así como a adxudicación do contrato e calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co establecido no artigo 53 do TRLCSF.

En materia de aclaración do contido do presente prego e o de prescricións técnicas e, no seu caso, demais documentación complementaria, todos os interesados poderán dirixir a súas dúbidas e consultas que estimen convintes mediante correo electrónico dirixido á dirección contratacion@concellodebueu.org, cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de proposicións. O concello publicará no taboleiro de anuncios da casa consistorial e no seu perfil do contratante as consultas e respostas coa salvagarda da identidade da persoa física ou xurídica que a formule.

O acceso público efectuarase a través do portal da web municipal (www.concellodebueu.org).

II.- ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO

CLÁUSULA 11ª.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

A forma de adxudicación deste acordo marco será o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, de acordo co disposto nos artigos 197, 138.2, 150 e 157 e seguintes do TRLCSF.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 7 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

O órgano de contratación deberá publicar un anuncio de licitación na forma prevista no artigo 142-TRL CSP.

CLÁUSULA 12ª.- PRAZO, LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

12.1.- PRAZO: O prazo para que os licitadores acheguen as súas ofertas será de 15 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) (art. 159.2-TRL CSP).

12.2.- LUGAR: As proposicións dos licitadores presentaranse no Rexistro Xeral do Concello sito na rúa Eduardo Vicenti nº8 de Bueu, en horario de 9.00 a 14.00 (nove a catorce) horas de luns a venres e de 9.00 a 13.00 (nove a trece) horas os sábados.

As proposicións presentaranse unicamente no lugar indicado no parágrafo anterior, sen que sexa válida a presentación noutros rexistros ou dependencias municipais. ou de outras Administracións Públicas (art. 80.2-RXLCAP). Tamén poderán remitirse por correo; neste caso, de conformidade co sinalado no artigo 84-RXLCAP, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación o mesmo día no que se presente, mediante fax ao número 986.322.099, a remisión da súa proposta. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a solicitude. Non obstante, transcorridos dez días naturais desde a indicada data, sen terse recibido a documentación, ésta non será admitida en ningún caso (art. 80.4-RXLCAP).

Cada candidato non poderá presentar máis dunha solicitude de participación, nin subscribir ningunha solicitude en unión temporal con outros empresarios se xa o fixo individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal. O incumprimento desta prohibición dará lugar á inadmisión de tódalas solicitudes por el subscritas ou nas que figure. A presentación da solicitude supón, por parte do candidato, a aceptación incondicional do clausulado deste prego e do de prescricións técnicas sen salvidade algunha.

12.3.- FORMA DE PRESENTACIÓN: Os contratistas interesados na licitación deberán presentar DOUS (02) sobres distintos, denominados sobre A e sobre B, nos que se escribirá de forma lexible e visible, no exterior dos mesmos, o seguinte: sobre A "*Documentación Administrativa*" ou Sobre B "*Oferta Económica*" (identificar a letra coa que se denomina o sobre e o nome en función do sobre que corresponda), denominación do contrato (*Acordo marco para subministración sucesiva de lote nº1: uniformidade para a policía local e/ou lote nº2: roupa de traballo para outros departamentos municipais*) (especificar o número do lote ó que presenta oferta e o nome do mesmo); nome e apelidos do licitador, ou no seu caso, denominación social e nome e apelidos do representante que presenta a oferta; DNI ou CIF; enderezo ou razón social; número de teléfono, fax e correo electrónico aos efectos de notificacións; os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, deberán facer constar o número de inscrición.

Presentación so Sobre A no caso de licitar a varias subministracións: se un mesmo licitador presenta oferta a varios lotes, poderá presentar un único sobre A acreditando os requisitos para cada unha das subministracións. Pola contra deberá achegar un sobre B por cada un das subministracións aos que se presente.

12.4.- DOCUMENTACIÓN:

12.4.1.- **SOBRE A** subtítulo "**DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**": este sobre coterá os seguintes documentos:

- Unha relación de todos os documentos incluídos neste sobre.
- Declaración responsable subscrita pola persoa que firme a proposición, de acordo co modelo que consta como Anexo I deste prego.
- As empresas estranxeiras achegarán unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponderlle ao licitador. En todo caso, as empresas estranxeiras achegarán os seus documentos debidamente traducidos de forma oficial ao galego ou castelán.
- Será opcional para os licitadores a presentación dunha declaración en relación coa confidencialidade da documentación aportada. No caso de ser achegada, a declaración deberá indicar qué debe considerarse como confidencial pola súa vinculación con segredos técnicos ou



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 8 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

comerciais.

12.4.2.- **SOBRE B** subtítulo "OFERTA ECONÓMICA": deberá conter a seguinte documentación:

- Oferta económica de acordo co modelo que consta no Anexo II deste prego.
- Os licitadores poderán achegar a documentación acreditativa dos criterios que se terán en conta en caso de que se produza un empate entre varios contratistas, de acordo co disposto na cláusula 16ª deste prego.

CLÁUSULA 13ª.- MESA DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e actuará conforme ao previsto no Real Decreto 817/2009, desenrolando as funcións previstas no mesmo.

A Mesa de Contratación estará constituída polos seguintes membros:

- O Sr. Alcalde-Presidente
- O Sr. Concelleiro delegado de economía e facenda.
- O Interventor do Concello.
- A Secretaria do Concello.
- O Arquitecto Técnico Municipal

Actuando como secretaria da Mesa de Contratación, a Xefa do Negociado de Secretaría do Concello.

A súa composición publicárase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente con unha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a calificación da documentación do SOBRE A.

CLÁUSULA 14ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS

Os criterios de valoración que se utilizarán para adxudicar cada un dos lotes son os seguintes:

14.1º.- Mellor prezo ofertado: ata 90 puntos

Outorgarase 90 puntos ao licitador que ofrezca unha maior porcentaxe de baixa aplicable a tódolos prezos unitarios sinalados no PPT, de xeito que se puntuarán as demais propostas mediante o criterio de proporcionalidade lineal (regra de tres simple directa), obtendo 0 puntos a oferta que ofrezca unha baixa do 0%.

Aquelas ofertas que non detallen claramente unha única porcentaxe de baixa aplicable a cada un dos prezos unitarios obterán unha puntuación de cero puntos. A porcentaxe de baixa ofertada aplicarase a tódolos elementos ou produtos da licitación, xa estean contemplados no listado inicial ou se inclúan con posterioridade.

14.2º.- Menor prazo de entrega: ata 10 puntos

Outorgarase 10 puntos ao licitador que ofrezca un menor prazo de entrega respecto dos prazos estipulados na cláusula 24 do presente prego, de xeito que se puntuarán as demais propostas mediante a seguinte fórmula:

$$P = PM \times (OMB / O)$$

Sendo: P= puntuación de cada oferta

PM= puntuación máxima

OMB= prazo da oferta máis baixa

O= oferta a puntuar

CLÁUSULA 15ª.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL, APERTURA DE PROPOSIÇÕES E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Dentro dos tres días hábiles seguintes ao de terminación do prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación calificará previamente os documentos presentados en tempo e forma, a cuxo efecto o Presidente ordenará a apertura dos sobres A e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles. Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada o comunicará por correo electrónico aos interesados e o anunciará no taboleiro de anuncios



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 9 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

do concello, concedendo un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou subsanen. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non emendables, non será admitido á licitación.

Aos efectos establecidos nos artigos 54 a 64 y 82 del TRLCSP, a Mesa e o órgano de contratación poderán recadar do empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou requerirle para a presentación doutros complementarios.

A Mesa, unha vez calificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección fixados neste prego, con pronunciamiento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

O acto público de apertura dos sobres que conteñan as proposicións económicas (sobre B) terán lugar no salón de plenos da casa consistorial, ás 12 horas do quinto día hábil seguinte ao da terminación do prazo sinalado para a presentación de ofertas. Se este día caera en sábado, trasladarase ó inmediato hábil seguinte.

Con anterioridade ao momento da apertura, o Presidente dará conta do resultado da calificación da documentación xeral presentada, e seguirá a apertura das proposicións admitidas, dándose lectura delas.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excédese do orzamento de licitación, variara substancialmente o modelo establecido (Anexo II) ou comportase error manifestó no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola Mesa en resolución motivada.

Concluída a apertura das proposicións, o Presidente da Mesa invitará os licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado.

A continuación, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento deixarase constancia na acta da reunión da Mesa.

A Mesa, á vista das proposicións e demais circunstancias que haxan de terse en conta e en atención aos informes técnicos e asesoramentos que estime oportuno solicitar, valorará as distintas proposicións presentadas e que non haxan sido declaradas desproporcionadas ou anormais, clasificándoas en orde decrecente de valoración, para elo atenderá aos criterios de adxudicación sinalados na cláusula 14ª deste prego, e propondrá ao órgano de contratación a adxudicación do acordo marco a favor do licitador que houberse presentado a oferta economicamente máis vantaxosa segundo proceda de conformidade co recollido neste prego, incluíndo a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos. Dita proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte ó Concello (art. 160.2 TRLCSP).

O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o acordo marco á proposición economicamente máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

CLÁUSULA 16ª.- CRITERIOS PARA RESOLVER EVENTUAIS EMPATES

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, este empate resolverase de acordó coa seguinte orde de preferencia, consonte dispón a disposición adicional cuarta do TRLCSP:

- En primeiro lugar, a empresa que acredite contar no seu cadro de persoal cunha porcentaxe superior ao 2% de traballadores con discapacidade. A porcentaxe de traballadores fixos discapacitados deberá manterse durante o tempo que dure a execución do contrato, ou se é o caso, durante o prazo de garantía, se a execución non se realizase en tracto sucesivo. O incumprimento de tal condición será causa de resolución do contrato.
- En segundo lugar, resolverase a favor do licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.
- En tercer lugar, en caso de que aplicando os criterios anteriores se manteña o empate, convocarase aos licitadores para realizar un sorteo.

CLÁUSULA 17ª.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 10 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de 5 días xustifiquen as ditas ofertas, e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto as disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda estatal.

A xustificación realizada polos licitadores remitirase aos servizos técnicos municipais a fin de que emitan o correspondente informe.

Considerarase en principio, como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición cuxo porcentaxe exceda de dez unidades, polo menos, á media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións achegadas e admitidas, sendo criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou temerario da baixa, os seguintes:

- Adecuada xustificación dos prezos ofertados
- Programa detallado de execución da subministración.
- Volume das subministracións xa contratadas, en relación aos medios persoais e materiais que teña o licitador.

De conformidade co artigo 85.2-RXLCAP, no suposto de que so concorran dous licitadores, considerarase desproporcionada ou temeraria a oferta que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

CLÁUSULA 18ª.-REQUIRIMENTO PREVIO Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación requirirá ao licitador coa oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

18.1.-DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS:

De conformidade co disposto no artigo 146-TRLRSP (modificado pola Lei 14/2003, do 27 de setembro de apio ao emprendedor) deberá presentar:

18.1.A).- Documentación acreditativa da capacidade de obrar:

- Empresario individual: copia compulsada do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros.
- Persoas xurídicas: Copia da tarxeta do Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada. Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lie sexa aplicable. De non ser esixible, achegarase escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.
- Empresas comunitarias: A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordó sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas ou mediante a presentación das certificacións que se indican no apartado 2 do anexo I do RXLCAP (artigo 9-RXLCAP).
- Resto de empresas estranxeiras: Os empresarios estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar do domicilio da empresa, no que se faga constar previa acreditación por parte da empresa, que figura inscrita no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto, que



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 11 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades as que se estende o obxecto do contrato.

Ademáis deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de estado signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, nos casos previstos no RXLCAP.

- Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias e non comunitarias): Declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois. As empresas estranxeiras deberá presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante (artigo 146.I.d -TRLCSF).
- Unións Temporais de Empresas: no caso de concorreren á licitación varias empresas constituíndo unha unión temporal, cada unha de elas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriben a proposición, participación de cada unha de elas designando a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ha de desempeñar a representación da UTE ante a Administración, e compromiso de constituirse formalmente en UTE en caso de resultar adjudicatarias, de conformidade co artigo 59-TRLCSF.

18.1.B) Documentos acreditativos da representación: se o asinante da proposición actúa en calidade de representante do licitador deberá achegar:

- Copia compulsada notarial ou administrativamente do documento que acredite a personalidade deste representante (DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros).
- Copia compulsada notarial ou administrativamente da escritura de poder de representación, ou no seu caso, das escrituras notariais de constituicións ou modificacións estatutarias ou elevación de acordos sociais, onde conste que está habilitado para concorrer á celebración de contratos coas Administracións Públicas.

18.1.C) Bastanteo de poderes: As escrituras as que se refire o apartado anterior deberán presentarse debidamente bastanteadas pola Secretaria Xeral da Corporación ou fedatario público cunha antigüidade non superior a 6 meses.

18.1.D) Documentación acreditativa da solvencia: Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira e técnica de acordó co disposto nas cláusulas 7.1 e 7.2 deste prego.

18.1.E) Alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE): Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto. Para o caso de estar exento conforme ao artigo 82-Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acreditarase esta circunstancia por mera comunicación escrita se se trata de persoas físicas, en no caso de persoas xurídicas, achegando ben o modelo 201 do Imposto de Sociedades do último exercicio presentado na Delegación do Ministerio de Facenda correspondente, ou ben, acompañando comunicación da cifra de negocios regulada na Orde HAC/85/2003, do 23 de xaneiro

18.1.F) REXISTRO DE CONTRATISTAS

De acordo co disposto no artigo 83-TRLCSF, a documentación relacionada anteriormente poderá substituírse pola presentación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia regulado por Decreto 262/2001, do 20 de setembro (D.O.G. n.º 200 do 16 de outubro de 2001), sempre e cando o dito certificado inclúa os anteditos datos, e debendo acompañar á dita certificación dunha declaración responsable na que o licitador manifeste que as



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 12 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

circunstancias contidas na certificación presentada non variaron (art.146.3-TRLCSPP). En todo caso, os licitadores que presenten esta certificación deberán presentar ademais do certificado, unha fotocopia compulsada do DNI da persoa que presenta a oferta.

18.2.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:

De conformidade co disposto no artigo 151.2-TRLCSPP deberá presentar:

- Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatais e coa Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social.
- Xustificante de non ter débedas co concello de Bueu
- Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe do 5% do importe de licitación por calquera dos medios a que se refire o artigo 96-TRLCSPP.
- Xustificante de ter aboado os gastos do anuncio de licitación.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

CLÁUSULA 19ª.- ADXUDICACIÓN, FORMALIZACIÓN DO ACORDO MARCO E CATÁLOGO DE BENS

19.1.- ADXUDICACIÓN:

O órgano de contratación deberá adxudicar o acordo marco dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordó aos criterios que figuren no presente prego.

Na adxudicación concretaranse os termos definitivos do acordo marco. A adxudicación será motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. A notificación conterá a información necesaria que permita, de ser o caso, ao licitador excluído ou candidato descartado interpor, consonte ao artigo 40, o recurso correspondente, e, en particular, expresará os seguintes extremos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que desestimouse a súa candidatura.
- Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, as razóns polas que non se houbera admitido a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e ventaxas da proposición do adxudicatario determinantes da súa elección preferente aos do resto de licitadores admitidos.

En todo caso, na notificación e no perfil do contratante, indicarse o prazo en que debe procederse a súa formalización do acordo marco consonte ao artigo 156.3 do TRLCSPP. A notificación practicarase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos determinasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no [artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos](#). Sen embargo, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, será de cinco días. O prazo máximo para efectuar a adxudicación do acordo marco será de dun mes a contar dende a apertura das proposicións

19.2.- FORMALIZACIÓN:

O acordo marco deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude as condicións da licitación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato, cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do acordo marco deberá efectuarse non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no art.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 13 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

151.4-TRLCSP. Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o acordo marco dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a súa resolución.

Non poderá iniciarse a execución do acordo marco sen a súa previa formalización, excepto nos casos previstos no artigo 113-TRLCSP.

19.3. CATÁLOGO DE BENS

Os bens adxudicados constituirán o Catálogo de bens obxecto do acordo marco para a súa adquisición polos diferentes departamento e/ou áreas de gasto que conforman o ámbito subxectivo do acordo marco e substituirá a cualquier outro que para o mesmo ámbito obxectivo e/ou subxectivo fora empregado para o subministro á administración municipal respecto da mesma clase de bens.

O novo catálogo entrará en vigor tras a formalización do acordo marco.

CLÁUSULA 20ª.- RENUNCIA

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución do subministro, realizada en calquera fase de tramitación do expediente faculta á administración que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

Tendo en conta que neste procedemento os licitadores non están obrigados a constituir garantía provisional, a Corporación poderá esixir o dito importe mediante o procedemento de apremio, así como para a indemnización de danos e prexuízos.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración, terá as mesmas consecuencias i efectos indicados nos parágrafos anteriores.

Non obstante, no caso de que a Administración non acordara a adxudicación no prazo de dous meses a contar dende a apertura de proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición de conformidade con artigo 161.4-TRLCSP.

III.- CONTRATOS DERIVADOS DO ACORDO MARCO

CLÁUSULA 21ª.- ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS DERIVADOS. PROCEDEMENTO E CONDICIÓN

De conformidade co disposto no artigo 198.3-TRLCSP, cando o acordo marco se conclúa con un único empresario, os contratos baseados naquel adxudicaránse con arranxo aos termos nel establecidos. O órgano de contratación poderá consultar por escrito ao empresario, pedíndolle se fose necesario que complete a súa oferta; en todo caso as partes non poderán introducir modificacións substanciais que afecten ao acordado.

O departamento ou áreas de servizo comprendidos no ámbito subxectivo do acordo marco procederán á adquisición de bens incluídos no catálogo, sen que sexa precisa nova licitación, ao adxudicatario do acordo marco cursando as súas petición do xeito sinalado na cláusula seguinte según os grupos de bens de que se trate quedando o proveedor obrigado á entrega dos mesmos. O proveedor non deberá atender as solicitudes que sexan efectuadas ao marxe do procedemento sinalado no presente prego, nin admitirán cambios que poideran supor modificación e/ou variación en relación cos artigos obxecto da adjudicación. Será causa de resolución do contrato o incumprimento destas prescripcione,

No caso de que a Administración necesite produtos, prendas ou materiais non incluídos no catálogo de bens, poderá consultar o prezo medio de mercado, e a este aplicaralle a porcentaxe de baixa ofrecida polo contratista na súa proposición económica.

Cada vez que sexa necesaria unha subministración, o responsable do contrato cumprimentará, en triplicado exemplar, o documento de petición de bens que figura no anexo IV do presente prego, unha vez comprobada a existencia de crédito para efectuar a adquisición do subministro e practicada, de ser o caso, a fiscalización previa na intervención municipal, será remitida ao contratista, por fax ou correo electrónico, o pedido correspondente. O adxudicatario está obrigado a cumprilo segundo os prazos e condicións establecidos neste prego e na súa oferta.

As características dos produtos, os prezos dos mesmos e os prazos de entrega serán os que figuren



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 14 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

nos correspondentes catálogos de bens homologados obxecto do AM na data na que sexa cursada a petición.

Durante a vixencia do AM os contratistas poderán propor ao órgano de contratación ofertas limitadas no tempo ou no número, en condicións máis beneficiosas que as da propia adxudicación, así como ofrecer descontos nos prezos unitarios en función da cantidade de produtos a adquirir -economía de escala-, ou por calquier outra circunstancia que o contratista consideren oportuna, cuxa aplicación requirirá, en todo caso, a oportuna aprobación do órgano de contratación e inclusión no catálogo.

O contratista deberá así mesmo dar conta, coa debida antelación, de calquier oferta singularizada ou de campaña que proxecten realizar, sexa para o sector público ou privado, cando se refiran aos mesmos artigos adxudicados. O incumprimento desta obriga poderará dar lugar á resolución do acordo marco.

O contratista poderán propor ao órgano de contratación a substitución dos bens adxudicados por outros que incorporen avances ou innovacións tecnolóxicas que melloren as prestacións ou características dos adxudicados, sempre que o seu prezo non incremente en máis do 20 por 100 o inicial de adxudicación.

Os empresarios obríganse igualmente a comunicar coa suficiente antelación a concorrencia de circunstancias excepcionais, como o cesamento na fabricación ou distribución de produtos adxudicados ou outras que determinen a imposibilidade de subministralos, podendo propoñer a súa supresión do catálogo ou a súa substitución por outros artigos do mesmo tipo, que en todo caso debe ser autorizada polo órgano de contratación.

O órgano de contratación, por propia iniciativa e coa conformidade do contratista, ou a instancia deste, poderá incluír novos bens do tipo adxudicado ou similares ao mesmo cando concorran motivos de interese público ou de nova tecnoloxía ou configuración, cuxa comercialización se iniciase con posterioridade á data límite de presentación de ofertas, sempre que o seu prezo non exceda en máis dun 20% ao do adxudicado.

CLÁUSULA 22ª.- CONTRATOS DERIVADOS

O contratista está obrigado ao cumprimento do contrato con estrita suxección ao establecido neste prego e no de prescricións técnicas, ao consignado na súa proposición e as ordes que lle curse o responsable do contrato no seu caso, ou o competente para a vixilancia do mesmo, para unha mellor realización dos traballos.

O contratista está obrigado a entregar os bens obxecto da subministración no tempo e lugar fixados no AM. Calquera que sexa o tipo de subministración, o adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración salvo que esta tivera incorrido en mora ao recibilos.

Cando o acto formal da recepción dos bens, sexa posterior á súa entrega, a Administración será responsable da custodia dos mesmos durante o tempo que media entre unha e outra. Recibidos pola Administración bens ou produtos perecedoiros, será esta responsable da súa xestión, uso ou caducidade, sen prexuízo da responsabilidade do subministrador polos vicios ou defectos ocultos dos mesmos.

CLÁUSULA 23ª.- PAGO DO PREZO

O contratista ten dereito ao pagamento do prezo convido con arranxo as condicións establecidas no acordo marco, correspondente as subministracións efectivamente realizadas e formalmente recibidas pola Administración. De conformidade con disposto na disposición adicional trixésimo terceira do TRLCSP, o contratista terá a obriga de presentar no Rexistro Xeral do Concello a factura expedida polos servizos realizados ou bens entregados, aos efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma.

A factura incluírá, de acordo co disposto na citada disposición adicional, ademais dos datos e requisitos establecidos no artigo 72-RXLCAP. os seguintes: Órgano de Contratación (Xunta de Goberno Local); órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública (Intervención Xeral Municipal); Destinatario do contrato (Servizo ou departamento municipal destinatario da subministración en función do lote adxudicado)

De acordo co disposto no artigo 216.4-TRLCSP, na redacción dada pola disposición final séptima da Lei



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 15 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, o Concello ten a obriga de abonar o prezo dentro dos 30 días seguintes á data de expedición dos documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato. A demora no prazo superior ao establecido legalmente xerará a favor do contratista os xuros de demora e a indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

CLÁUSULA 24ª.- PRAZO DE EXECUCIÓN

Os prazos máximos de execución dos contratos derivados do Acordo Marco serán os seguintes para cada lote:

- Lotes nº 1 e nº 2: Roupa de traballo: 6 días hábiles

En ámbolos dous casos o prazo contarase dende o momento en que se formule cada pedido, mediante fax ou correo electrónico nos termos sinalados na cláusula 21 do presente prego e no de prescricións técnicas. Non obstante, os licitadores poder ofertar un menor prazo de entrega, en cuxo caso quedarán vinculados polo prazo proposto na súa oferta.

IV.- EXECUCIÓN DO ACORDO MARCO

CLÁUSULA 25ª.- RISCO E VENTURA

A execución do acordo marco realizarase a risco e ventura do adxudicatario, de conformidade co disposto no artigo 215-TRLCSP. O acordo marco executarase con suxección ó establecido no clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación de ó contratista o órgano de contratación. O adxudicatario será responsable da calidade técnica dos artigos subministrados así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inaxeitados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O adxudicatario está obrigado a gardar silencio respecto os datos e antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.

O adxudicatario deberá ter subscritos os seguros obrigatorios, así como un seguro que cubra as responsabilidades que se deriven da execución do contrato.

CLÁUSULA 26ª.- MODIFICACIÓN DO ACORDO MARCO

Unha vez perfeccionado o acordo marco poderase introducir as modificacións correspondentes por altas e baixas dos bens obxecto do mesmo. O adxudicatario efectuará as compensacións que procedan a favor ou en contra do Concello, ao obxecto de manter en todo momento o equilibrio inicial da contratación.

Serán obrigatorias para o adxudicatario as modificacións do contrato que se acorden de conformidade co establecido no artigo 219 e nos artigos 105 e seguintes - TRLCSP.

De conformidade co artigo 105.2, a modificación do acordo marco non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias as inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do mesmo a fin de que poda cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberase proceder a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias previstas no artigo 174.b)-TRLCSP.

En canto as modificacións non previstas na documentación que rexe esta licitación estarase ao disposto ao artigo 107-TRLCSP.

CLÁUSULA 27ª.- SUCESIÓN NA PERSOA DO CONTRATISTA

De conformidade con artigo 85-TRLCSP, nos casos de fusión, escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o acordo marco coa entidade absorbente ou resultante, quedando subrogada en tódolos dereitos e obrigas derivadas do mesmo, sempre que teña a solvencia esixida ó acordarse a adxudicación ou que as sociedades participantes fias ditas operacións responsabilícense solidariamente da execución do contrato. En caso contrario, resolverase o acordo marco considerándose a tódolos efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 16 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

CLÁUSULA 28ª.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

28.1.- CESIÓN: os dereitos e obrigas dimanantes do acordo marco poderán ser cedidos a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran determinantes da adxudicación do acordo marco, e se cumpran os presupostos e requisitos establecidos no artigo 226-TRL CSP. En todo caso, a cesión debe ser autorizada pola Administración de forma previa e expresa.

28.2.- SUBCONTRATACIÓN: o contratista poderá concertar a realización parcial do acordo marco con terceiros, que quedarán sometidos ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 227.2-TRL CSP.

O licitador deberá comunicar anticipadamente e por escrito ao Concello, a súa intención de subcontratar parte do obxecto do acordo marco, indicando o seu importe e porcentaxe con respecto á totalidade de subministracións, e a identidade do subcontratista, xustificando suficientemente a aptitude deste para executar o acordo marco, con referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispoñe, e a súa experiencia. En todo caso a subcontratación parcial non poderá superar a porcentaxe do 60% do importe total da prestación.

O contratista que suxeito ao disposto no artigo 228-TRL CSP en canto ao réxime de pago a subcontratistas e subministradores.

A infracción destas condicións así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación poderá dar lugar, en todo caso, á imposición ao contratista dunha penalidade de ata o 50% do importe do subcontrato (artigo 227.3), con arranxo ao seguinte:

- Farase efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ous obre a garantía, conforme ao artigo 212.8-TRL CSP.
- Como regra xeral, a súa contía será do 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá alcanzar ata un 10% ou at ao máximo legal do 50% respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

Os subcontratistas non terán en ningún caso acción directa fronte o Concello polas obrigas contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do acordo marco principal e dos subcontratos.

CLÁUSULA 29ª.- SUSPENSIÓN DO ACORDO MARCO

A Administración poderá acordar por razóns de interese público a suspensión do acordo marco, quedando suspendidos, en consecuencia, os contratos derivados do mesmo.

En caso de producirse unha suspensión do acordo marco, estarase ao disposto nos artigos 220, 299 e 300-TRL CSP. Si a Administración acordara a suspensión do acordo marco ou aquela tivera lugar por aplicación do disposto no artigo 216.5-TRL CSP, levantarase acta na que se consignarán as circunstancias que motivaron a suspensión e a situación de feito na execución do acordo marco.

CLÁUSULA 30ª.- EXECUCIÓN DEFECTUOSA E DEMORA. PENALIDADES

30.1.- EXECUCIÓN DEFECTUOSA: O incumprimento ou cumprimento defectuoso do obxecto do acordo marco, dos compromisos ou de adxudicación, da adscrición á execución do acordo marco de medios persoais ou materiais suficientes, ou do ofertado, dará lugar á imposición ó adxudicatario de penalidades ou sancións en contía que poderá acadar ata o 10% do orzamento do contrato, en proporción á gravidade do incumprimento, previa instrución do oportuno expediente. Como regra xeral, a súa contía será do 2% do importe de adxudicación, salvo que motivadamente o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave o moi grave, en cuxo caso podarán acadar ata o 5% ou o máximo legal do 10% respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

30.2.- DEMORA: O contratista está obrigado a cumprir o acordo marco dentro do prazo fixado para a súa realización, así como os prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva. Se as subministracións sufrisen un retraso na súa recepción, e sempre que este non fose imputable ao contratista e este ofrécese cumprir os seus compromisos, concederase polo órgano de contratación un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor de acordo co establecido no artigo 213.2-TRL CSP, regulándose a súa petición polo establecido no artigo 100-RXLCAP.

A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de 15 días desde aquel



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 17 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

en que se produza a causa orixinaria do atraso, alegando as razóns polas que estime que non lie é imputable, e sinalando o tempo probable da súa duración, aos efectos de que a Administración poida oportunamente, e sempre antes de que remate o prazo de execución do acordo marco, resolver sobre a prórroga deste, sen prexuízo de que unha vez desaparecida a causa reaxuste o prazo prorrogado ao tempo realmente perdido.

Cando o contratista, por causas imputables a el, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades diarias na proporción de 0,20 € por cada 1.000 € do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades. Neste último caso, o órgano de contratación concederá a ampliación do prazo que estime necesaria para a terminación do contrato.

30.3.- IMPOSICIÓN DAS PENALIDADES: As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación adoptado a proposta do responsable do acordo marco se o houbera; este acordo será inmediatamente executivo e as penalidades faranse efectivas mediante dedución das cantidades que en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ou sobre a garantía que no seu caso se constituíse, cando non poidan deducirse das correspondentes facturas. A aplicación e pagamento destas penalidades non exclúen a indemnización á que a Administración poida ter dereito por danos e perdas ocasionados con motivo do retraso imputable ao contratista.

CLÁUSULA 31ª.- RESOLUCIÓN DO ACORDO MARCO

31.1.- Serán causas de resolución do acordo marco as previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, e os efectos previstos no art. 225 e 309 do TRLCSP.

31.2.- Ademais das anteriores, constituirán causa de resolución imputable ó contratista as seguintes:

31.2.a).- O incumprimento da obriga de gardar sxiilo.

31.2.b).- O abandono por parte do contratista da subministración obxecto do acordo marco: Entenderase producido o abandono cando a prestación non se realice coa regularidade axeitada ou eos medios humanos e materiais precisos para a normal execución do contrato no prazo estipulado. Non obstante, cando se dea este suposto, o Concello, antes de declarar a resolución, requirirá ó contratista para que regularice a situación no prazo de cinco días a contar dende o requirimento.

31.2.c).- A incursión do contratista, durante a vixencia do acordo marco, en algunha das prohibicións sinaladas na normativa vixente ou en incompatibilidade, sen a obtención inmediata da correspondente compatibilidade.

31.3.- O acaecemento de calquera destas causas, nos termos establecidos, facultará ó órgano de contratación para dar por resolto o contrato, coa indemnización de danos e prexuízos e demais efectos que procedan conforme á normativa aplicable, podendo optar pola execución subsidiaria, realizando as obrigas incumpridas ou continuando a execución do contrato por si ou a través das persoas ou empresas que determine, a costa do contratista. O importe da garantía responderá de todo iso, en canto alcance, e sen prexuízo da responsabilidade xeral do contratista.

CLÁUSULA 32ª.- GARANTÍA DAS SUBMINISTRACIÓNS

O prazo de garantía dos contratos derivados do Acordó Marco é de UN ANO, que comezará a contar desde a data de recepción dos bens subministrados. Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos bens subministrados, a Administración terá dereito a reclamar ao contratista a reposición dos que resulten inadecuados ou a súa reparación se fose suficiente.

Se o órgano de contratación estimase, durante o prazo de garantía, que os bens subministrados non son aptos para o fin pretendido, como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles imputables ao contratista e exista presunción de que a reposición ou reparación non será suficiente para lograr aquel fin, podera antes de expirar o prazo, rexeitar os bens deixándoos por conta do contratista e quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito. Durante o prazo de garantía o contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre a aplicación dos bens subministrados.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 18 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

CLÁUSULA 33ª.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

O acordo marco executarase con estrita suxeición as estipulacións contidas no presente prego e observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas.

Así mesmo deberán cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará a tódolos efectos, a condición de empresario.

CLÁUSULA 34ª.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210-TRLCSO obtema a prerrogativa de interpretar o presente acordo marco, así como as contratacións adxudicadas no ámbito do mesmo, e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente podera modificar por razóns de interese público os contratos, e en especial a cantidade, tempo e lugar de prestación do servizo, sen prexuízo das incidencias económicas que délo se deriven, así como acordar a súa resolución e determinar os efectos desta dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no TRLCSO e no RXLCAP.

De igual forma o Concello ostenta en todo momento a capacidade de inspeccionar e ser informada do proceso de fabricación ou elaboración do produto que haxa de ser entregado como consecuencia do contrato, podendo ordenar ou realizar por si mesma análises, ensaios ou probas dos materiais que se empreguen, establecer sistemas de control de calidade e ditar cantas disposicións estime oportunas para o estrito cumprimento do convindo.

Poderá igualmente, ditar as ordes que estime necesarias para manter o nivel das prestacións e requirir a información á adxudicataria que, relacionada coa subministración contratada, estime necesaria.

Os acordos que dite o órgano de contratación, previo informe da asesoría xurídica, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución serán inmediatamente executivos.

CLÁUSULA 35ª.- RESPONSABLE DO ACORDO MARCO

O Concello poderá designar a un responsable do contrato por cada un dos lotes ao que lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A designación ou non dun responsable do contrato non eximirá ó contratista da correcta execución do obxecto do contrato, salvo que as deficiencias sexan debidas á ordes directas do responsable designado, con expresa reserva escrita por parte do contratista, tanto ó propio responsable como ó órgano de contratación.

CLÁUSULA 36ª.- GASTOS ESIXIBLES

- Os gastos do anuncio de licitación, tanto nos correspondentes boletíns oficiáis, como no seu caso, na prensa, serán asumidos polo adxudicatario, sen que se lle poida imputar ao Concello ningún pago por tal concepto.
- TAXA POR BASTANTEO: o bastanteo de poderes pola Secretaría Xeral está suxeito á taxa por expedición de documentos administrativos, debendo xuntarse ó documento, carta de pago expedida pola Tesourería Municipal.
- Os gastos de entrega e transporte dos bens obxecto da subministración ó lugar pactado, serán por conta do contratista.

CLÁUSULA 37ª.- PRÁCTICA DAS NOTIFICACIÓNS

De conformidade co disposto no artigo 59-LRXAP-PAC relativo á práctica das notificacións, así como na Disposición Adicional 15a-TRLCSO sobre medios de comunicación utilizables nos procedementos regulados nesta lei, e a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, co fin de abaratar custes e axilizar os trámites procedimentais, establécese a seguinte prevención:

Os actos de trámite e resolutivos que se diten no expediente de contratación ata a súa adxudicación notificaranse aos licitadores mediante a súa publicación no perfil do contratante e nos Boletíns Oficiáis cando elo sexa preceptivo, así como vía Fax e/ou correo electrónico, en canto se trata de medios que permiten deixar constancia da recepción polo destinatario.

Así mesmo utilizarase o Fax e/ou correo electrónico para toda comunicación, intercambio de información,



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 19 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

requirimento ou notificación tanto de aquelas actuacións que deban efectuarse durante a tramitación do expediente de contratación, como posteriormente durante a vixencia do contrato, unha vez adxudicado o mesmo.

O Fax e o correo electrónico utilizaranse como medios preferentes de notificación sen prexuízo de que o órgano de contratación poida recorrer se o considera conveniente e oportuno, ao método tradicional de correo certificado con acuse de recibo.

Os licitadores deberán designar na documentación administrativa que achen, unha dirección de correo electrónico así como un número de fax aos efectos previstos nesta cláusula.

CLÁUSULA 38ª.- CONFIDENCIALIDADE

O contratista deberá respectar o carácter confidencial de aquela información á que teña acceso con ocasión da execución do acordó marco ou dos contratos asinados na súa virtude, á que se lle houbese dado o referido carácter nos pregos ou na documentación contractual, ou que pola súa natureza deba ser tratada como tal.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que puideran ter coñecemento por razón da execución do contrato, obriga que subsistirá aínda despois da finalización do mesmo, de conformidade co artigo 10 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A empresa adxudicataria responderá das infraccións legais en que por incumprimento da citada normativa puideran incurrir os seus empregados.

CLÁUSULA 39ª.- XURISDICCIÓN COMPETENTE

A xurisdición contencioso-administrativa coñecerá das cuestións litixiosas relacionadas co contrato a que se refire o art. 21.1 do TRLCSP. As cuestións litixiosas serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a interponer recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei Reguladora de dita Xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso potestativo de reposición e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de contratos que non reúnan os requisitos previstos no artigo 40 do TRLCSP, serán susceptibles de recurso en vía administrativa conforme ó disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con carácter potestativo, poderá interponerse o recurso especial en materia de contratación previsto no art. 40 do TRLCSP nos supostos contemplados no mesmo. Contra a resolución do recurso so procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Bueu, a 24 de abril de 2014



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 20 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

ANEXO I
-MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Denominación do contrato:.....
Nome e apelidos ou razón social DNI/CIF:.....
Enderezo:.....
Teléfono: Fixo /Mobil:.....
Municipio:.....
Código postal:.....
Provincia:.....
*Entidade Mercantil á que representa:.....
Cargo:.....
E-mail:.....
C.I.F.:.....

**En caso de actuar en representación*

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que a empresa cumpre coas condicións establecidas legalmente no Texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP) para contratar co Concello de Bueu, obstentando plena capacidade xurídica e de obrar
- Que a persoa que asina a proposta ten poder bastante para representar a empresa nese procedemento de contratación.
- Que a empresa conta coa solvencia (ou no seu caso clasificación) esixida para este contrato e que se especifica neste prego.
- Que no caso de que a súa oferta resulte a máis vantaxosa presentará, previamente á adxudicación do contrato, os documentos que se sinalan nos pregos.
- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes se atopan incurso en ningún suposto dos que constan no artigo 60 do TRLCSP.
- Que non fai parte dos órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún alto cargo dos referidos na Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, da Lei 9/1996, de 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nela.
- Que nin o asinante da declaración nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento é cónxuxe, persoa vencellada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas as que se retire o parágrafo anterior (sempre que, respecto destes últimos, estas persoas teñan a súa representación legal).
- Que a entidade se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas de alta e pagamento ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas polas disposicións vixentes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.
- Que a entidade se atopa inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (marquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

Rexistro oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (núm.....)
Rexistro xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (núm.....)

- Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas sobre empresas vencelladas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):

Pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que concorran algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio: SI NON

Pertence ó grupo de empresasou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:

- a)
- b)

AUTORIZO ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas

COMPROMÉTOME aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico:.....

Bueu, a

(Sinatura)

Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Bueu

No cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os datos entregados son confidenciais, non podendo facer uso dos mesmos fóra do ámbito que xerou a súa entrega (BOE nº 298 de 14-12-1999)



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 21 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

ANEXO II.A

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA LOTE N.º 1: SUBMINISTRACIÓN DE UNIFORMIDADE PARA A POLICÍA LOCAL

D/Dna....., co D.N.I. N.º:; actuando en nome propio / en representación da entidade con CIF N.º con enderezo electrónico, a efectos de notificacións

EXPÓN

Que tendo coñecemento do procedemento tramitado polo Concello de Bueu para a contratación da subministración de uniformidade para a Policía Local (LOTE N.º.I), fai constar expresamente que:

1. Acepta tomar parte na indicada licitación de acordó coas condicións previstas polo Concello de Bueu.
2. Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación e que, xunto aos pregos técnicos, forman parte daquel, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos nos documentos indicados, sen excepción.
3. Comprométese á execución do contrato ofertado nas seguintes condicións:
 - Porcentaxe de baixa que se aplicará aos prezos unitarios incluídos no Anexo I do prego de prescricións técnicas en número e letra
 - Prazo de entregaen número e letra
4. Achega neste Sobre B proposta documentación relativa aos criterios que se aplicarán en caso de empate SI NON
5. Comprométese e abrigase expresamente a presentar no Rexistro Xeral do Concello e dentro do prazo establecido neste prego, a documentación establecida na Cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

(LUGAR E DATA)

O LICITADOR

(Sinatura do representante legal e selo da empresa)



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 22 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

ANEXO II.B

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA LOTE N.º 2: SUBMINISTRACIÓN DE ROUPA DE TRABAJO/EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPIS) PARA OUTROS DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS

D/Dna....., co D.N.I. N.º:.....; actuando en nome propio / enrepresentación da entidadecon CIF N.º..... con enderezo electrónico....., a efectos de notificacións

EXPÓN

Que tendo coñecemento do procedemento tramitado polo Concello de Bueu para a contratación da subministración de roupa de traballo /Equipos de protección individual (EPIS) para outros departamentos municipais (LOTE N.ºII), fai constar expresamente que:

1. Acepta tomar parte na indicada licitación de acordó coas condicións previstas polo Concello de Bueu.
2. Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación e que, xunto aos pregos técnicos, forman parte daquel, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos nos documentos indicados, sen excepción.
3. Comprométese á execución do contrato ofertado nas seguintes condicións:
 - Porcentaxe de baixa que se aplicará aos prezos unitarios incluídos no Anexo I do prego de prescricións técnicas..... en número e letra
 - Prazo de entregaen número e letra
4. Achega neste Sobre B proposta documentación relativa aos criterios que se aplicarán en caso de empate SI NON
5. Comprométese e abrigase expresamente a presentar no Rexistro Xeral do Concello e dentro do prazo establecido neste prego, a documentación establecida na Cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

(LUGAR E DATA)

O LICITADOR

(Sinatura do representante legal e selo da empresa)



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 23 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río

ANEXO III

MODELO DE AVAL

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), NIF, condomicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) na rúa/praza/avenida, código postal,localidade, e no seu nome(nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA

A (*nome e apelidos ou razón social do avalado*), NIF, en virtude do disposto por: (*norma/s e artigo/s que impoñe/n a constitución desta garantía*) para responder das obrigas seguintes: (*detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido*), ante o Concello de Bueu, por importe de: (*en letra e en cifra*).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ó primeiro requirimento do Concello de Bueu, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas e fias súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Bueu ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para autorizar a súa cancelación ou devolución de acordó co establecido Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado mediante real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).

(Lugar e data)

(razón social da entidade)

(sinatura do/s apoderado/s)



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
 SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
 CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
 Page 24 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
 Bueu, a de 2014
 A Secretaria do concello

 Asdo.: Nuria Lobato del Río

ANEXO IV- PETICIÓN DE BENS OBXECTO DO ACORDO MARCO (1)

PETICIÓN DE BENS OBXECTO DO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE UNIFORMIDADE PARA A POLICÍA LOCAL/ROUPA DE TRABALLO /EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPIS) PARA OUTROS DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS	
Servizo municipal interesado:	Identidade empregado municipal responsable do subministro
Identidade adxudicatario: Empresa: C.I.F.: R./Pr.: ; nº: Población: ; CP: Teléfono: ;Fax: Dirección de correo electrónico:	
Dirección do centro municipal onde deberán entregarse os bens: Servizo/Unidade/Departamento: R./Pr.: nº: Población: CP: NIF: Teléfono: Fax: Dirección de correo electrónico:	
Breve descripción da necesidade da adquisición:	
<hr/> <hr/> <hr/>	

De conformidade co procedemento establecido nos pregos de cláusulas administrativas particulares reguladoras do acordo marco, se formula a seguinte petición de produtos:

Unidades	Descripción	Importe unitario (sin IVE)	TOTAL

DILIXENCIA: Para facer constar que el gasto a que se refiere esta petición, con cargo ao exercizo de, programa, subconcepto, da sección polo importe de euros, <input type="checkbox"/> Ha sido fiscalizado el/...../..... <input type="checkbox"/> Exento de fiscalización previa <input type="checkbox"/> O interventor	Bueu, a de de O peticionario/Responsable do subministro Asdo.:
--	--

(1) Cubrirase un único impreso de petición de bienes por servizo municipal incluíndo no mesmo todos os produtos que se soliciten



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C35-14
Page 25 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local dede 2014
Bueu, a de de 2014
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato del Río